



María Teresa Vilanova López
Club Escudería Miño Lucense
Rúa das Leiteiras, 8
27003 Lugo

REF^a N° exp^{te.}: LU-PD- 14/2025
ASUNTO: Resolución de autorización de proba deportiva dinámica por estrada
Proba deportiva: **47 RALLYE SAN FROILÁN**
Solicitante: María Teresa Vilanova López. Club Escudería Miño Lucense
Data celebración: 17, 18 e 19 de outubro de 2025
Concellos afectados: O Corgo, Lugo, Outeiro de Rei, O Páramo, Samos e Sarria

FEITOS

Primeiro.- O 18 de agosto de 2025 recibíuse a solicitude de autorización da proba deportiva “47 Rallye San Froilán”, que se vai celebrar os días 17, 18 e 19 de outubro de 2025. A proba discorrerá polos concellos do Corgo, Lugo, Outeiro de Rei, O Páramo, Samos e Sarria. As vías afectadas son: LU-P-3906, LU-P-3907, LU-P-1602, LU-P-2918, LU-P-1505, LU-P-5705 e LU-P-5602.

Segundo.- O expediente instruíuse coa achega, entre outros, dos seguintes documentos: memoria descritiva da proba, mapa do percorrido, xustificantes dos seguros de responsabilidade civil e de accidentes para a presente proba, servizos sanitarios, regulamento particular da proba, libro de ruta, libro de seguridade e o xustificante de pago da taxa correspondente.

Terceiro.- Solicitáronse os preceptivos informes aos organismos titulares das vías polas que discorre a proba (Servizo de Vías e Obras da Deputación Provincial de Lugo), á Xefatura Provincial de Tráfico, ao Servizo de Patrimonio Natural da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, ao Servizo de Montes da Consellería do Medio Rural e aos concellos afectados.

Cuarto.- O informe da **Xefatura Provincial de Tráfico** achégase coa presente resolución, que se incorpora como parte da súa motivación.

No informe indícase que *“Unha vez revisada toda a información aportada polo organizador, esta Xefatura Provincial informa favorablemente a celebración de dito evento sempre que, se cumpran todas as prescricións establecidas neste informe e os seus anexos.*

Prescricións particulares

Por parte do Subsector de Tráfico de Lugo, non se aprecian circunstancias que fagan valorar negativamente a celebración do evento, valorando exclusivamente o ámbito da seguridade viaria. Todo iso sempre que a organización se axuste estritamente ao solicitado e se cumpran as normas que sexan de aplicación.

Recórdase a importancia dunha correcta planificación dos desvíos de circulación, de modo que non se vexa restrinxida a circulación de vehículos atendendo ao seu peso ou dimensións.

Por parte do Subsector de Tráfico de Lugo, establecerase un operativo para garantir a seguridade viaria do perímetro exterior da proba durante o día 18 de outubro, implicando a 24 efectivos da unidade.

Nos tramos de enlace os vehículos deberán respetar as normas de circulación, incluídas as velocidades. Os cortes da vía teñen que estar correctamente sinalizados e balizados para evitar a intrusión de vehículos. Ademais, terase que informar aos condutores de itinerarios alternativos a estas vías cortadas.”





Quinto.- O informe do **Servizo de Vías e Obras da Deputación Provincial** informa da viabilidade sobre a solicitude para a celebración da proba polas estradas provinciais sinaladas, *"sen prexuízo da posible existencia de defectos no pavimento ou obras nas devanditas estradas, cuxa incidencia na proba deberá valorar o peticionario previamente á realización da mesma, debendo realizarse nas condicións que seguidamente se detallan:*

1.- *Deberá actuarse en todo caso conforme ao disposto no R.D. 148/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación, concretamente será obrigatorio a observancia e cumprimento dos artigos 15 ao 31 do Anexo II do dito texto legal.*

2.- *Cando, en aplicación do previsto no artigo 91 RXEG 66/2016, se proceda ao corte de vías, deberán sinalizarse o corte e o desvío, así como deixar a estrada e os seus elementos: pavimento, sinais, beiravías, cunetas, etc., nas mesmas condicións previas ao corte, limpas e sen obstáculos nin impedimentos para a circulación. Ao chegar ó lugar do desvío alternativo colocarse un sinal de redución de velocidade a 40 km/h. e outra de dirección obrigatoria, por ambas marxes, colocando permanentemente carteis de "ESTRADA CORTADA, DESVÍO PROVISIONAL" a unha distancia de 50 m.*

3.- *Dado que actividade solicitada require o corte de tráfico das estradas provinciais arriba sinaladas, por motivo de seguridade viaria deberá cumprirse o establecido no art. 90 do Regulamento Xeral de Estradas de Galicia (RGCG 66/2106), debendo os organizadores comunicalo á Administración competente en materia de tráfico e anunciálo especificamente en medios de comunicación de ampla difusión, así como na orixe e final da estrada, con indicación e sinalización dos itinerarios de desvío previstos conforme ao establecido no punto 7 do art.91.*

4.- *Os organizadores serán responsables da sinalización, ordenación da circulación e protección da seguridade civil das actuacións públicas na zona e treito das estradas onde se leve a cabo a dita actividade.*

5.- *Os organizadores deberán establecer os servizos necesarios para previr aos demais usuarios co fin de evitar posibles accidentes, así como cumprir a normativa vixente no Regulamento xeral de circulación (R.D. 1428/2003, do 21 de novembro), sendo responsables de cantos danos e prexuízos pódanse causar ás estradas e usuarios desta por motivo da actividade solicitada, debendo estar en posesión das pólizas de responsabilidade civil que procedan.*

6.- *A Deputación de Lugo NON será responsable dos posibles danos materiais ou persoais que poidan afectar aos participantes, público ou terceiros, derivados do estado das estradas provinciais, así como da falta de sinalización esixida ou do incumprimento das obrigas dos organizadores.*

Os organizadores durante a celebración de dito evento garantirán, na medida do posible, o acceso ás vivendas, establecementos, así como fincas adxacentes, situadas no tramo das estradas provinciais afectadas.

7.- *O evento solicitado rexerase en todo momento polo establecido na Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.*

O presente informe emítese en sentido favorable e ten carácter vinculante de acordo co establecido no punto 1 do artigo 91. Usos especiais da estrada do Regulamento xeral de estradas de Galicia, debendo os organizadores obter cantas outras autorizacións e licenzas sexan precisas segundo a lexislación vixente."

Sexto.- O **Servizo de Patrimonio Natural** da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático en Lugo informa favorablemente conforme as competencias que ten atribuídas e que a actuación se leve a cabo cos condicionantes que se mencionan a continuación:

- *"Cumprirase o réxime de protección xeral de especies silvestres animais establecido no artigo 89 da Lei 5/2019.*
- *Garantirase o respecto dos exemplares de especies de flora e fauna recollidas no Catálogo Galego de Especies Ameazadas que puideran estar presentes na zona de actuación.*





Respecto da afección aos ecosistemas das augas continentais (Lei 2/2021, do 8 de xaneiro, de pesca continental de Galicia e Decreto 140/1997, do 14 de maio, polo que se aproba o regulamento de ordenación da pesca fluvial e dos ecosistemas acuáticos continentais), a actuación só poderá executarse respectando os seguintes condicionantes:

- Durante a totalidade do percorrido prohibese vadear ou circular polos leitos fluviais e zonas que teñan a consideración de humedais, así como a afección ás especies piscícolas, ao ecosistema acuático en augas continentais e á vexetación autóctona de ribeira.*
- Evitarase o enturbamento das augas, os arrastres de sólidos cara as augas continentais, a vertedura de residuos, en particular os perigosos, e en xeral a vertedura de calquera contaminante que dea lugar a que se excedan os umbrais establecidos para a calidade das augas continentais no Real decreto 817/2015, do 11 de setembro, polo que se establecen os criterios de seguimento e avaliación do estado das augas superficiais e as normas de calidade ambiental ou norma que a substitúa.*
- Non poderán deixarse residuos procedentes da actividade, xa que pola proximidade ás augas e leitos poden ser susceptibles de seren arrastrados por elas ou por escorrenta de choiva.*
- Deberán retirarse, se houbera, nun prazo de 10 días naturais, todas as sinais e balizas que marcan o percorrido da proba.*
- Debido á coincidencia cos períodos hábiles de caza, os organizadores deberán comprobar cos representantes dos tecores afectados que o percorrido da proba queda fóra das zonas de afección de posibles cacerías. En ningún caso poderán realizarse as rutas solicitadas simultaneamente cunha batida de caza na mesma localización ou áreas de influencia.*
- O organizador da actividade será o responsable de dar a coñecer a todos os participantes os condicionantes indicados. Así mesmo, será o responsable do cumprimento dos mesmos."*

Sétimo.- A Dirección Territorial da Consellería do Medio Rural (Servizo de Montes) resolveu autorizar a proba deportiva. A cal outórgase sen prexuízo das demais que legalmente sexa necesario solicitar doutros organismos para a realización da actividade que se pretende realizar. A dita resolución xa se notificou ao interesado.

Oitavo.- Os concellos afectados informaron o seguinte:

- O Concello do Corgo informa que non existe inconveniente para a súa celebración.
- O Concello de Lugo achega o informe de viabilidade da proba.
- O Concello de Outeiro de Rei informa favorablemente a súa celebración.
- O Concello do Páramo informa favorablemente a celebración do 47 Rallye San Froilán.
- O Concello de Samos informa favorablemente a celebración da proba deportiva.
- O Concello de Sarria informa que non existe impedimento para a celebración da mencionada proba.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O Real decreto 1640/1996, do 5 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de espectáculos públicos (BOE núm. 184 do 31 de xullo) e o Decreto 336/1996, do 13 de setembro (DOG núm. 182 do 17 de setembro), sobre asunción de funcións e servizos transferidos á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de asociacións e espectáculos públicos e a súa asignación á entón Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais.





Segundo.- O Anexo II do Real Decreto 1428/2003, do 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación establece no seu artigo 2 que a competencia para expedir a autorización para celebrar probas deportivas que se desenvolvan integramente por vías situadas dentro do ámbito territorial dunha comunidade autónoma, corresponderalle a esa comunidade autónoma.

Terceiro.- A Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia (DOG núm. 1 do 2 de xaneiro de 2018), que establece que lle corresponde á consellería competente en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas autorizar a celebración das actividades que se desenvolvan en máis dun termo municipal da Comunidade Autónoma.

Cuarto.- O Decreto 98/2020, do 2 de xullo, polo que se regula o procedemento de autorización da celebración de espectáculos públicos e actividades recreativas que se desenvolvan en máis dun termo municipal da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 139, do 14 de xullo), establece no artigo 4.b.) que o órgano competente para outorgar as autorizacións previstas neste decreto é a persoa titular da xefatura territorial correspondente da consellería competente en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas, cando se trate de espectáculos públicos e actividades recreativas que se desenvolvan no ámbito territorial da respectiva provincia.

Quinto.- Actualmente a competencia recae nos directores/as territoriais da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes en virtude do Decreto 136/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da citada consellería (DOG núm. 101 do 27 de maio).

Sexto.- A Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas (BOE núm. 236 de 2 de outubro).

En virtude de todo o exposto,

RESOLVO

Autorizar a celebración da proba deportiva "47 RALLYE SAN FROILÁN", para os vindeiros días 17, 18 e 19 de outubro de 2025. Deberán cumprir as condicións que se sinalan nos informes emitidos.

No suposto de que se acredite por parte das forzas e corpos de seguridade situacións que comporten un risco grave ou perigo inminente para as persoas e os bens ou a convivencia entre a cidadanía, os axentes poderán adoptar de forma directa, logo do requirimento ás persoas responsables da celebración daqueles e, no caso de que este non sexa atendido, a **suspensión** inmediata do espectáculo ou da actividade ou aquelas outras medidas que se consideren necesarias, segundo o establecido no artigo 29 da Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.

Contra esta resolución poderá interpoñer recurso de alzada ante o Conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, no prazo dun mes que comezará a contar a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución.

Lugo, na data da sinatura dixital
O director territorial
Francisco Javier Vázquez Nodal

